

TRANS-FORMANDO

Procesos participativos, hábitat e educación.

OBXECTIVO

O curso, de 24 horas de duración organizado en dous módulos, ten como obxectivo xenerar un espazo de formación transdisciplinar sobre metodoloxías participativas vencelladas á transformación do noso entorno en diferentes dimensións (físicas, sociais, simbólicas, políticas), e enfocadas a traballar coa mocidade procesos educativos para a transformación social.

30 prazas | Gratuito* | IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta) | 10-11 Novembro e 1-2 Decembro

■ **PREINSCRIPCIÓN:** gteducacion.gal@asfes.org ata o **27 de outubro**

■ Formalización da **INSCRIPCIÓN** ata o **3 de novembro**

Coa posibilidade de participar voluntariamente no deseño e desenvolvemento dun proceso participativo no IES Ramón Menéndez Pidal como experiencia práctica entre decembro 2017 e marzo 2018

MÓDULO 1 (12 horas)

Procesos participativos de carácter comunitario: características, metodoloxías e aspectos socioafectivos e da xestión de grupos

- De que falamos cando decimos participación? Por qué son importantes os procesos participativos? Como favorecer e motivar a participación?
- Metodoloxías para a acción colectiva: características, fases, aspectos clave de experiencias como Oasis ou Planta tu parque
- Técnicas de facilitación para traballar con grupos grandes atendendo a aspectos socio-afectivos como elementos clave do proceso educativo
- Transferencia de coñecementos: aplicacións a miña situación laboral, a miña comunidade

Imparte *Lucila Valsecchi:*

Lucila é avogada pola Universidade Nacional de Córdoba, Argentina, Máster en Seguridade Ambiental e Paz UN-mandated University for Peace de Costa Rica. Actualmente cursando a formación en Facilitación de Grupos do IIFACe en Madrid.

Desenvolveu parte da súa traxectoria profesional no campo da sustentabilidade, a innovación social, a política pública participativa, tanto no ámbito latinoamericano como internacional.

Fundadora do proxecto comunitario participativo Planta tu Parque, un proceso de mobilización e empoderamento cidadá, con foco na educación ambiental.

Formada en tecnoloxías sociais internacionais de desenvolvemento comunitario e planificación de proxectos. Actualmente desenvolve o seu labor profesional na cooperativa Altekio (Madrid), onde coordina proxectos relacionados con procesos participativos, facilitación de grupos, innovación social política pública participativa y ambiental. www.altekio.es



Arquitectura Sen Fronteiras



cooperación galega



XUNTA
DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MÓDULO 2 (12 horas)

Proxectos socioeducativos a través da arte e arquitectura

- O terceiro maestro. Como usar o contexto para a aplicación de novas metodoloxías didácticas
- Ferramentas plásticas como medio para a inclusión
- A comprensión do espazo público como espazo educativo
- Caixón de ferramentas: Técnicas de análise urbano cualitativas e cuantitativas; ferramentas da animación socio-cultural; obradorios participativos
- Práctica de prototipado dun proxecto participativo nun espazo público

Imparten

Taller Abierto:

Taller Abierto é un colectivo que atopou na xestión cultural un soporte sobre o que xenerar acción, deseñar programas e proxectos na cidade de Pontevedra. Asociación integrada por tres arquitectas formadas en arte, educación e ciencias sociais. Céntranse neste momento no deseño de programas educativos en didáctica das artes plástica para a infancia, mocidade e profesorado, co desexo de difundir e defender a arte como dereito. <http://tallerabierto.info/>

Raóns Publiques:

Raóns Publiques son un equipo de profesionais de diversas procedencias e traxectorias cun obxectivo común: pensar e actuar noutro modelo de construción da cidade a través dos seus proxectos e actividades. Dende 2009 desenvolven proxectos caracterizados pola implicación das persoas na concepción, transformación e xestión do seu entorno.

Forman equipos de traballo interdisciplinares coa presenza das competencias necesarias: análise de datos, contrución, facilitación de grupos, deseño. Traballan en todo o territorio estatal e Barcelona e o seu ámbito máis preto. <http://raonspubliques.org/>

Onde?

IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta) María Victoria Fernández España, 2, 15002 A Coruña

Cando?

- Módulo 1: venres 10 e sábado 11 de novembro
- Módulo 2: venres 1 e sábado 2 de decembro
- Venres de 16 a 20 horas e sábados de 10-14 e 16 a 20 horas

Perfil do Alumnado Prioritario

Terán prioridade estudantes e profesionais de áreas relacionadas coa educación formal e no formal, arquitectura, urbanismo e participación social. Selección por orde de preinscripción. Poderán participar outros perfís se quedan prazas.

Custe do curso

O curso valorado en 200 euros por persoa, é gratuíto para as persoas participantes ao estar cuberto por unha subvención pública. No momento de formalizar a inscrición é preciso abonar unha fianza de 30 euros que será devolta íntegramente ao rematar a formación, sempre que se asista á mesma. A fianza é un mecanismo para favorecer o aproveitamento das prazas disponibles e o bo uso dos fondos públicos.